

comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 1996 ou no seu defecto ó día seguinte da súa entrada en vigor se fose posterior a aquela data.

10.—MODIFICACION ORDENANZA REGULADORA DE PREZOS PUBLICOS POR INSTALACION DE QUIOSCOS NA VIA PUBLICA E UTILIZACION DE EDIFICIOS E INSTALACIONES MUNICIPAIS.

#### ARTIGO 1.—

1.—Terán a consideración de quioscos a efectos desta ordenanza, as instalacións situadas en vías públicas municipais, utilizadas para venda de produtos con carácter continuado.

2.—Asimesmo, seran obxecto destes prezos públicos a utilización das instalacións do Mercado Municipal de Cabral ou de calquera outro edificio municipal utilizado en virtude de contrato de concesión sen determinación específica de canon.

#### ARTIGO 3.—Tarifas

1. A contía dos prezos públicos regulados nesta ordenanza será a que figura nos apartados 2 e 5 seguintes, atendendo á categoría da rúa sinalada no Anexo II da Ordenanza Fiscal Xeral, onde radique o quiosco ou instalación, superficie de ocupación e tempo de ocupación.

2. As tarifas dos prezos públicos relativas a quioscos na vía pública serán as seguintes:

1a	2a	3a	4a	5a	6a
Por m2 ou fracción e semestre					

12.200	6.500	5.600	4.000	4.000	2.100
--------	-------	-------	-------	-------	-------

5. As tarifas dos prezos públicos relativas a edificios ou instalacións municipais a que se refire o artigo 1.2 desta Ordenanza serán as seguintes:

1a	2a	3a	4a	5a	6a
Por m2 ou fracción e semestre					

12.200	6.500	5.700	4.100	4.100	2.000
--------	-------	-------	-------	-------	-------

6. De conformidade coa categoría fiscal 5a do emprazamento do Mercado de Cabral aplicarase ós concesionarios dos postos no citado mercado a tarefa de 4.100 pts por m2 óu fracción ós semestre agás que se trate de postos de venda exclusiva de legumes, verduras e froitas en que se reducirá o prezo público que corresponda nun 20%.

#### DISPOSICIONS FINAIS

Segunda.—Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 1996 ou no seu defecto o día seguinte da súa entrada en vigor se fose posterior a aquela data.

11.—ACORDO DE ESTABLECEMENTO E APROBACION DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA NA VIA PUBLICA E ESPACIOS ABERTOS.

### TÍTULO I

#### CAPÍTULO I: DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1.—Ámbito de aplicación: a presente ordenanza ten por obxecto o establecemento dos requisitos, condicións e termos xerais que deben cumprirse para o exercicio da venda fóra dun establecemento comercial, na vía pública, en terreos edificables ou en espazos abertos co emprego de instalacións desmontables e transportables en todo o termo municipal. Ordenanza que está

en conformidade co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local), no Regulamento de bens das entidades locais (Real decreto 1372/1986 do 13 de xuño) art. 74 e ss. e na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

Artigo 2.—Queda prohibido en todo o concello de Vigo a venda ambulante que non se axuste ó contido da presente ordenanza.

Artigo 3.—O Concello establecerá zonas urbanas para o exercicio da venda na vía pública e espazos abertos; fóra destas zonas e espazos non estará autorizada a venda.

#### CAPÍTULO II: OBXECTO

Artigo 4.—Para os efectos da presente ordenanza, considérase venda ambulante:

- \* A realizada en feiras e mercados que se realicen en lugares establecidos cunha periodicidade determinada.
- \* A realizada en mercados ocasionais debidos á celebración de festas ou acontecementos populares.
- \* O comercio na rúa, entendido este como o realizado na vía ou no espazo público nun número de postos, situación e períodos determinados.

Artigo 5.—Non terán a consideración de ambulante as vendas realizadas dentro de locais ou recintos ocupados por un certame feiral.

Artigo 6.—A presente ordenanza será de aplicación subsidiaria a falta de normativa expresa, debidamente aprobada pola Corporación, ás seguintes modalidades de venda:

- a) Os mercados e outras manifestacións de venda en postos non fixos que se realicen con ocasión de festas locais ou acontecementos populares de carácter anual.
- b) A venda con ocasión de acontecementos deportivos, musicais ou semellantes de produtos directamente relacionados co acontecemento que se trate e exclusivamente durante o transcurso dos mesmos.
- c) A venda realizada por organismos ou entidades legalmente recoñecidas que non teñan ánimo de lucro e con obxectivos políticos, sindicais, relixiosos ou cívicos e encamiñada á consecución das súas finalidades específicas.
- d) As realizadas en exposicións ou promocións de actividades culturais tales como feiras do libro ou análogos.

Artigo 7.—Prohíbese o comercio de produtos mediante vehículos en todo o termo municipal.

Artigo 8.—A práctica da venda ambulante require autorización expresa do Concello.

Artigo 9.—Clasificación de licencias:

- a) Licencia para a venda de artigos de temporada, con localización en zonas ou lugares concretos e por tempo determinado (venda de xelados, castañas, etc.).
- b) Licencia para a venda en vía pública por un prazo determinado ou en puntos ou zonas sinaladas previamente (barquillos, cacauetes, etc.).
- c) Licencia para o exercicio de servizos ou actividades como fotógrafos, afiadoras, limpabotas, pianos de manubrio, etc.
- d) Licencia para a venda doutros produtos non previstos nos apartados anteriores. Exceptúase a venda de toda clase de produtos alimenticios que queda prohibida conforme coas normas contidas nas disposicións vixentes.

### TÍTULO II

#### CAPÍTULO III.—PROCEDEMENTO

Artigo 10.—O alcalde será competente para autorizar a venda en calquera das modalidades previstas nesta ordenanza.

Artigo 11.—Poderán optar á concesión das licencias que se regulan nesta ordenanza, tódalas e tódolos españois e estranxeiros, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar conforme coa lexislación mercantil e co establecido na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

Artigo 12.—

- 1.—A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida ó Ilmo. Sr. alcalde, no Rexistro Xeral do Concello, na que se farán constar os seguintes datos:

- Nome e apelidos, enderezo e número do DNI ou do pasaporte da persoa interesada e do/a representante/a, de o/a haber.
  - Localización, entre os lugares autorizados, no que se pretende desenvolver-la actividade.
  - Mercadorías que se vaian expender.
  - Tempo polo que se solicita a autorización.
  - Metros cadrados de ocupación que se solicitan.
- 2.—A chegarase xunto coa solicitude:
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
  - Fotografía tamaño carné.
  - Xustificante de estar inscrito/a como traballador/a autónomo/a na Seguridade Social e estar ó corrente do pagamento das cotizacións correspondentes.
  - Xustificante de estar inscrito/a no imposto de actividades económicas e estar ó día no pagamento.
  - Xustificante de ter aboado os prezos públicos establecidos para este tipo de venda no anexo II desta ordenanza.
  - Declaración xurada de reunir tódolos requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos obxecto da venda e non realizar actividade con produtos prohibidos.
  - Declaración expresa na que o/a solicitante manifieste coñecer as normas ás que debe de se axustar a súa actividade e o seu compromiso de as observar.
  - Declaración xurada de non estar incurso/a en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos pola lei para o exercicio do comercio, así como de carecer de calquera outra actividade lucrativa.

Artigo 13.—As e os cidadáns que non pertencen á Unión Europea deberán acreditar, antes de lles ser entregada a autorización para o exercicio da actividade, posuí-los correspondentes permisos de traballo por conta propia (permiso que expedirá a Delegación de Traballo) e de residencia conforme coa lexislación vixente.

Artigo 14.—As autorizacións referidas no parágrafo anterior quedarán anuladas e sen efecto ó lles seren revocados os seus permisos de residencia ou traballo.

Artigo 15.—As licencias serán persoais e intransferibles. Os seus titulares serán exclusivamente persoas físicas e serán concedidas por un prazo determinado que en caso ningún excederá de un ano.

Non será concedida máis de unha licencia a nome da mesma persoa.

Artigo 16.—De a/o titular interrompe-la actividade e ocupación para a que estea autorizada/o por un tercio do período da súa vixencia, producirase automaticamente a súa caducidade.

Artigo 17.—Nas autorizacións expresarase:

- Nome e apelidos do vendedor ou vendedora.
- DNI ou pasaporte.
- Enderezo.
- Fotografía.
- Mercadorías que se vaian expender.
- Localización e horario.
- Número de metros cadrados do posto.
- Prazo de vixencia.

Artigo 18.—As licencias entregaranse tras xustificarlo ingreso nas arcas municipais do correspondente prezo público por aproveitamento especial da vía pública conforme co disposto na Ordenanza fiscal reguladora e logo da comprobación dos requisitos expresados no artigo 12 desta ordenanza.

Artigo 19.—Para o uso do comercio ambulante cumprirá o uso de instalacións desmontables e /ou transportables. Queda prohibida a exposición de mercadorías no chan.

En caso ningún poderán situarse os postos en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais ou industriais nin diante dos seus escaparates ou exposicións. Tampouco naqueles lugares nos que se dificulten tales accesos ou a circulación peonil.

Artigo 20.—Exhibición de permisos: a autorización municipal e o xustificante do aboamento do imposto de actividades económicas exhibiranse obrigatoriamente no respectivo posto de venda. A

Administración municipal resérvase a facultade de exercer, por medio dos seus axentes, unha inspección periódica e constante para comproba-lo cumprimento desta esixencia e o acatamento das restantes prescricións desta ordenanza.

Artigo 21.—Non se poderá autorizar a venda daqueles produtos que a súa normativa reguladora así o prohiba conforme co indicado no art. 8 do Real decreto 1010/1985.

Queda prohibida a venda de carne, aves e caza fresca, refrixerada e/ou conxelada; de peixes e mariscos frescos, refrixerados ou conxelados. Leite, queixo e demais produtos lácteos; pastelería e bolería; semiconservas e en xeral todo produto de alimentación e de calquera outro produto incluído no nomenclator anexo ó Regulamento de actividades molestas, insalubres ou perigosas.

#### CAPÍTULO IV: OBRIGAS DOS TITULARES DAS LICENCIAS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Artigo 22. Son obrigas dos titulares das licencias:

- Estar inscritos no imposto de actividades económicas e ó corrente do pagamento das súas obrigas tributarias respecto da actividade que exercen.
- Pagar o prezo público correspondente ó aproveitamento especial da vía pública dentro dos prazos establecidos.
- Exercer-la actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que fosen autorizados.
- De utilizaren pesas ou medidas, telas debidamente contrastadas polo servizo correspondente da Delegación de Industria.
- Observar-las normas sanitarias que establecen as disposicións vixentes.
- Cumprir cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- Mante-las instalacións, postos e demais elementos de venda, etc. nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Deberán, ó remate da xornada comercial, deixar limpos de residuos os espazos ocupados.
- Mante-los lugares limpos de residuos e refugallos en todo momento, e repara-los desperfectos ocasionados na vía pública e instalacións tanto durante o aproveitamento coma ó remate do mesmo.
- Exhibir-lo documento no que se outorga a licencia e os xustificantes do pagamento do prezo público por aproveitamento especial da vía pública e aqueloutros establecidos nos apartados "a" e "d" deste artigo ós axentes da Policía Municipal e inspectores de Rendas cando requiran.
- A ou o vendedor terá a obriga de mostra-la factura de compra dos produtos a requirimento das autoridades ou funcionarios municipais.
- Cumprir-las disposicións desta ordenanza.

Artigo 23.—Prohíbese:

- Producir ruídos, gritos ou música que incumpran o disposto na vixente Ordenanza de ruídos e vibracións.
- Traspasar ou ceder-la licencia, así como cambiar-la localización das instalacións ou amplialas sen autorización municipal e estender-las mercadorías fóra dos límites do posto.
- O exercicio de calquera actividade ou comercio que contrañese o establecido nesta ordenanza.

Artigo 24.—Inspección: o concello vixiará o debido cumprimento por parte dos titulares das autorizacións, do preceptuado nas mesmas e especialmente das esixencias e condicións hixiénico-sanitarias.

Artigo 25. Infraccións e sancións:

- 1.—O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinacións da Lei 10/1988, do 20 de xullo, e o Real decreto 1010/1985, do 5 de xuño, orixinará a incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.
- 2.—Serán faltas leves:
  - Producir ruídos, gritos ou música que incumpran a Ordenanza de ruídos e vibracións.

— Falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circundante.

3.—Serán faltas graves:

- A reiteración por dúas veces en faltas leves.
- Non cumprí-las normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- A venda de produtos distintos dos autorizados.
- A instalación de posto en lugar distinto do autorizado.
- Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadería.
- A desobediencia a atende-las normas de orde e indicacións da Policía Municipal.

4.—Serán faltas moi graves:

- A reiteración por dúas veces en faltas graves.
- Incumprimento das obrigas establecidas nos apartados "a", "d" e "f" do artigo 22 da presente ordenanza.
- Incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.
- O exercicio da actividade por persoa distinta da autorizada.
- A instalación de postos sen autorización.
- Venda de produtos non autorizados.

5.—A aquelas infraccións á presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984 do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seranllés de aplicación o rexime de infraccións e sancións previsto no amentado texto legal, así coma naqueles dictados que o desenvolven.

Artigo 26.—As sancións que se aplicarán serán, sen prexuízo do disposto no apartado 5º do artigo 25, as que seguen:

- 1.—Por faltas leves, multas de 1 a 5.000 ptas.
- 2.—Por faltas graves, multas de 5.000 a 10.000 ptas.
- 3.—Por faltas moi graves:
  - Multa de 10.000 a 15.000 ptas.
  - Revocación da autorización, mesmo coa posibilidade de chegar a comisa-la mercadería nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.
- 4.—Correspóndelle ó Ilmo. Sr. alcalde a imposición de multas.

Artigo 27. O exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenzia municipal dará lugar á retirada das instalacións, elementos e xéneros neles situados e presumirase que tal licenzia non existe de non se presenta-la correspondente autorización no momento de ser esixida polos axentes municipais.

No caso do apartado anterior, os interesados poderán recuperar os elementos retirados ó aboaren o importe das taxas que se recollen no anexo III da presente ordenanza, sen prexuízo da sanción correspondente.

En todo caso as infraccións en materia de sanidade e consumo que teñan a cualificación de graves e moi graves poderán ser sancionadas polo alcalde, conforme co establecido nos artigos 32 e 37 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e nos artigos 32 ó 38 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, ata os límites previstos en ditas disposicións de conformidade coas características do caso.

### TÍTULO III

#### CAPÍTULO V: FEIRAS E MERCADOS

Artigo 28.—O Concello poderá acorda-la instalación das feiras ás que se refire ó apartado "a" do artigo 3 tralo informe da Cámara Oficial de Comercio, das asociacións de consumidores e usuarios e das asociacións empresariais correspondentes e coa consideración do determinado no artigo 24 da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e no Real decreto 1010/1985 (arts. 4 e 8), do 5 de xullo.

Artigo 29.—

1.—A creación e autorización destas feiras será competencia da Comisión de Goberno, tralo informe da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo, das asociacións de consumidores

e usuarios e das asociacións empresariais da súa demarcación sobre a necesidade da súa instalación. Cumprirá tamén informe do Departamento de Seguridade e Tráfico e de se tratar da súa instalación en parques ou prazas axardinadas o do Departamento de Parques e Xardíns.

2.—No acordo fixarase:

- Localización da feira ou mercado.
- Número de postos que poden instalarse.
- Días nos que se leva a cabo, que non poderá exceder por feira/mercado de dous á semana, dos cales un ha ser festivo.
- Horario.
- Tipos de produtos que poden venderse.
- Bases para acceder, que han estar en conformidade con esta ordenanza.
- Normas de funcionamento e condicións para a autorización, que non poderán contradicir esta ordenanza.

Artigo 30.—Logo de ser autorizada unha feira ou un mercado, corresponderalle ó alcalde o outorgamento de licenzias para ocupación de postos fixos.

Artigo 31.—Correspóndelle á Comisión de Goberno a facultade de suprimi-las feiras ou mercados. Esta facultade será discrecional e levará consigo a caducidade ds licenzias outorgadas sen que proceda ningunha indemnización ou resarcimento.

Disposición transitoria

Calquera autorización concedida con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza quedará sen efecto transcorridos tres meses dende a amentada data; neste prazo os titulares poderán solicitar nova licenzia adaptada ó regulado nesta ordenanza.

Disposición final

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación no BOP e de transcorrer-los prazos previstos no artigo 65.2 da amentada lei de bases.

### ANEXO I

#### APARTADO I

De conformidade coa disposición transitoria da presente ordenanza durante o prazo de tres meses, que contan a partir da súa entrada en vigor, manteranse nas condicións que rexen actualmente nas seguintes feiras:

- Feira de Bouzas, que se realiza os domingos na Alameda.
- Feira de Coia, que se realiza os mércores ó carón do parque da Bouza.
- Mercado da rúa Ronda, situado nesta rúa.
- Mercado da rúa Pescadería e Teófilo Llorente.

Durante o amentado período deberán adaptarse ás disposicións contidas na presente ordenanza; transcorrido este enténdese que carecen da preceptiva licenzia.

#### APARTADO II

Concederanse licenzias para a instalación de venda dos seguintes artigos tradicionais nos lugares e datas que a seguir se relacionan:

- FLORES
- Cemiterio de Freixeiro
- Cemiterio de Bouzas
- Cemiterio de Pereiró
- Cemiterio de Teis
- CASTAÑAS
- Rúa do Príncipe
- Praza de España
- Avda. de Castrelos, cemiterio de Pereiró
- Parque da Madroa
- Paseo de Afonso

Durante os meses de outubro a decembro.

- PALMAS

- Rúa Urzáiz (Calvario)
- Rúa Coruña
- Rúa do Príncipe
- Rúa Progreso
- Porta do Sol

En Semana Santa.

— VELAS

Nas festividades de:

- Virxe de Fátima: nas inmediacións da igrexa
- Santa Rita: nas inmediacións da igrexa
- María Auxiliadora: nas inmediacións da igrexa
- Cristo da Victoria: inmediacións da colexiata
- San Roque: inmediacións da igrexa
- Defuntos: nos distintos cemiterios

— ARTIGOS DE ENTROIDO E FIN DE ANO

- Rúa do Príncipe
- Porta do Sol

— FILATELIA E NUMISMÁTICA

Domingos pola mañá.

ANEXO II

**I. ACORDO DE ESTABLECEMENTO DE "PREZOS PUBLICOS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACION DE POSTOS DE VENDA NA VIA PUBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO PUBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS O AMPARO DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA NA VIA PUBLICA E ESPACIOS ABERTOS"**

De conformidade cos artigos 117 e 41 a 48 da Lei 39/88 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais e, no exercicio da potestade regulamentaria reconecida ó Concello de Vigo en calidade de Administración Pública de carácter territorial polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, establécense os "prezos públicos por Aproveitamentos especiais da vía pública relativos a licencias que se expidan ó amparo da Ordenanza Reguladora da venda na vía pública e espazos abertos", que se rexirá pola seguinte ordenanza.

**II. ACORDO DE APROBACION DA "ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PUBLICOS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACION DE POSTOS DE VENDA NA VIA PUBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO PUBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS O AMPARO DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA NA VIA PUBLICA E ESPACIOS ABERTOS"**

**Artigo 1.—OBXECTO**

Serán obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública, solares ou espazos abertos, e en xeral bens de dominio público municipal autorizados ó amparo da Ordenanza Reguladora da venda na vía pública e espazos abertos.

**Artigo 2.—OBRIGADOS O PAGAMENTO**

Estarán obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza aquelas persoas a quen sexan autorizadas a instalar postos de venda segundo o disposto no artigo 1 desta ordenanza.

**Artigo 3.—BASES E COTAS**

As cotas que correspondan abonar en concepto dos prezos públicos regulados nesta ordenanza determinaranse con arreglo ó cadro que segue:

Por m2 ou fracción e día

Categoría 1ª 2ª 3ª 4ª 5ª 6ª

emprazamento 400 pts 300 pts 300 pts 200 pts 200 pts 60 pts

A superficie computable será a que ocupe o posto ou instalación máis a que determine unha franxa de 1 metro lineal paralela á línea exterior do mostrador ou fronte.

As categorías fiscais do emprazamento serán as que constan no anexo I á Ordenanza Fiscal Xeral relativo a "Categorías Fiscais das Rúas".

**Artigo 4.—FORMA DE PAGAMENTO**

1. A obriga de pagamento destes prezos públicos nace no momento da solicitude da correspondente licenzia.

2. Os solicitantes realizarán o ingreso correspondente polo procedemento de autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará o Rexistro Xeral do Concello.

3. A cota a ingresar determinarase segundo o disposto no artigo 3 desta ordenanza.

4. No suposto de que a licenzia fose denegada, procederase a devolución de oficio do importe ingresado.

**DISPOSICIONS FINAIS**

Esta ordenanza comenará a aplicarse no momento da entrada en vigor da "Ordenanza Reguladora da Venda na Vía Pública e Espazos Abertos, sempre e cando, estea publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO III

**I. ACORDO DE IMPOSICION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DOS SERVICIOS DE RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE INSTALACIONES, ELEMENTOS E XENEROS RELATIVOS O EXERCICIO DE CALQUERA ACTIVIDADE OU COMERCIO NA VIA PUBLICA SEN LICENCIA MUNICIPAL E OUTROS PRESTADOS POR CAUSAS EXCEPCIONAIS.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 de Lei 39/88 de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais acórdase a imposición da " taxa pola prestación de servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ó exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenzia municipal " que se exaccionaará de conformidade coa Ordenanza Fiscal que sigue.

**II. ACORDO DE APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACION DOS SERVICIOS DE RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE INSTALACIONES, ELEMENTOS E XENEROS RELATIVOS O EXERCICIO DE CALQUERA ACTIVIDADE OU COMERCIO NA VIA PUBLICA SEN LICENCIA MUNICIPAL E OUTROS PRESTADOS POR CAUSAS EXCEPCIONAIS.**

**Artigo 1.—FEITO IMPONIBLE**

Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación pola Administración Municipal dos seguintes servizos:

- a) Retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ó exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública, ou en dominio público municipal, sen licenzia en concordancia co disposto no artigo 27 da " Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos "
- b) Servizos similares ós anteriores ordenados por resolución do Alcalde, Comisión de Goberno ou Pleno por causa de forza maior, orde pública, ruina, seguridade de persoas e bens e outros.

**Artigo 2.—SUXEITOS PASIVOS**

Serán suxeitos pasivos destas taxas os vendedores e/ou responsables por calquera título dos elementos, instalacións e xé-

ros obxecto da retirada e custodia. En materia de responsabilidades aplicaranse ós artigos 12 a 16 da Ordenanza.

Fiscal Xeral.

#### Artigo 3.—NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA

A obriga de contribuir por esta taxa nace no momento en que os funcionarios municipais se fagan cargo das instalacións, elementos e xéneros para o seu transporte a un depósito municipal e posterior custodia.

#### Artigo 4.—BENEFICIOS FISCAIS

Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesa Ordenanza determinados servizos comprendidos no apartado b) do artigo 1º desta Ordenanza cando a resolución do Organo competente que ordene a súa realización así o dispoña.

#### Artigo 5.—COTA

1. Nas prestacións dos servizos sinalados no apartado a) do Artigo 1º desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

- 1.1 Por retirada e transporte 4.000 Ptas.
- 1.2 Por custodia. Cada día completo ou fracción 500 Ptas.

2. Nas prestacións de servizos sinalados no apartado b) do Artigo 1º desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

- 2.1 Por retirada e transporte.  
Por cada metro cúbico 4.000 Ptas.
- 2.2 Por custodia. Cada día completo ou fracción e por cada metro cúbico . 500 Ptas.

#### Artigo 6.—INGRESO

1. O ingreso das taxas reguladas nesta Ordenanza realizarase polo procedemento de autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará a Policía Local sendo indispensable o pagamento para a retirada dos elementos custodiados.

2. Os funcionarios responsables deste Servicio verificarán, antes da entrega dos bens custodiados a corrección da autoliquidación practicada, en particular, o número de días naturais de duración da custodia.

#### Artigo 7.—INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS

1. En materia de infraccións tributarias e as súas distintas calificacións, así como respecto das sancións que procedan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. As sancións por infracción tributaria a que se refire o apartado anterior serán compatibles e independentes das que procedan de conformidade coa "Ordenanza reguladora da venda ambulante na vía pública e espazos abertos".

#### DISPOSICIONS FINAIS

1ª No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenza a aplicarse o 1 de Xaneiro de 1996 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

12. ACORDO DE ESTABLECEMENTO E APROBACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DO SERVICIO DE CELEBRACION DE CASAMENTOS CIVIS NO PAZO DE CASTRELOS

#### I. ACORDO DE ESTABLECEMENTO DE PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DO SERVICIO DE CELEBRACION DE CASAMENTOS CIVIS NO PAZO DE CASTRELOS

De conformidade co previsto nos artigos 117 e 41.B) da Lei 39/88 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ó Concello de Vigo en calidade de Administración Pública de carácter territorial polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril,

reguladora das Bases de Réxime Local, establécese o prezo público pola prestación do servizo de celebración de casamentos civís no Concello, segundo o disposto na Ordenanza Reguladora que sigue.

#### II. ACORDO DE APROBACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DO SERVICIO DE CELEBRACION DE CASAMENTOS CIVIS NO PAZO DE CASTRELOS

##### Artigo 1.—CONCEPTO

1. Serán obxecto destes prezos públicos o conxunto de actuacións relativas a celebración de casamentos civís no Pazo Quiñones de León tales como:

- a) Organización do acto polo departamento de Relacións Públicas.
- b) Utilización do Pazo Quiñones de León para a celebración.
- c) Outras relacionadas coas anteriores.

2. Non se inclúen nestes prezos públicos nin a tramitación do expediente gubernativo previo o matrimonio civil nin a expedición posterior do Libro de Familia que son gratuitos.

3. Non estarán suxeitos ó pagamento de prezo público os casamentos civís realizados na Casa do Concello os venres en horario de 12 a 14 horas. No caso en que o venres fose festivo o casamento realizarase en xoves ou outro día laborable que se determine previo acordo da Comisión de Goberno. En consonancia co disposto no apartado 1 deste artigo, non se realizarán as prestacións sinaladas no apartado b).

##### Artigo 2.—OBRIGADOS O PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, enténdendose por tales os contraíntes, que quedan obrigados solidariamente.

##### Artigo 3.—CONTIA

1. Corresponderá abonar pola prestación do servizo regulado nesta ordenanza a tarifa fixa de 17.000 pts.

2. Sobre este prezo aplicarase o Imposto sobre o Valor Engadido.

##### Artigo 4.—OBRIGA DE PAGAMENTO

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace no momento en que se inicia a prestación do servizo, enténdendose por tal inicio a recepción da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

2. Os solicitantes do servizo realizarán simultaneamente coa solicitude o ingreso na Recadación Municipal do importe do prezo público sinalado no artigo 3 desta Ordenanza practicando a correspondente autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará o Rexistro Xeral do Concello.

3. No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederá a devolución de oficio do 75% do importe sinalado no artigo 3 desta ordenanza.

#### DISPOSICION FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de Réxime Local, e continuará vixente en tanto non se produza a súa modificación ou derogación.

13.—MODIFICACION ORDENANZA REGULADORA DE PREZOS PUBLICOS POLOS SERVICIOS PRESTADOS POLA "EMPRESA MIXTA DE SERVICIO MORTUORIOS DE VIGO, S.A. (EMORVISA)".

ARTIGO 1º Serán obxecto destes prezos públicos os servizos que a continuación se detallan, prestados pola "Empresa Mixta de Servizos Mortuorios de Vigo, S.A."

- a) A conducción ou traslado de cadáveres de tódalas persoas falecidas no termino municipal de Vigo, xa con destino a